

HANNAH ARENDT. VITA ACTIVA. A CONDICIÓN HUMANA.

- **Vita contemplativa** (pensar)/**Vita activa** (facer): “Pensar no que facemos”.
- Análise das actividades-capacidades humanas: “Capacidades humanas xerais que xorden da condición do home”.
- **Condición humana: Labor, traballo, acción.** Actividades fundamentais que son as condicións básicas do home na terra.
- Ser humano-**ser condicionado**: “Todo, dado ou feito por el, convértese nunha condición da súa posterior existencia”.
- Conexión actividade humana-**Mundo**: “Medio ambiente” das actividades humanas. “O mundo non existiría sen a actividade humana que o produxo”.

LABOR (LABOR):

- Actividades asociadas aos procesos da **vida**. Necesidades vitais: “Actividade correspondente ao proceso biolóxico do corpo humano”. Proceso. **Carácter procesual**.
- Subsistencia individual e da especie.
- **Consumo**: As actividades do labor consúmense no propio proceso vital. Cousas necesarias para a vida (**necesidade**), producidas e consumidas, efímeras, “corta permanencia no mundo”.
- Actividades repetitivas inscritas no proceso cíclico da propia vida: “Inexorable repetición”, “monótonas e diarias tarefas”.
- **Perda do mundo, non mundanidade**: Actividade que non trascende, non se libera do seu ciclo repetitivo. **Ciclo** do proceso vital do **corpo**. **Carácter cíclico**. Non permanencia dos produtos do labor no mundo.
- **Animal laborans**: Animal que labora para atender ás condicións da supervivencia. Común á vida animal (non especificamente humano).

TRABALLO (WORK):

- Produce “un artificial mundo de cousas”. **Mundanidade**. **Productos**.
- Mundo artificial de **permanencia** e **durabilidade** relativas (as cousas fabricadas esgótanse polo uso).
- **Durabilidade**: Estabilizar a vida humana. Mundo humano colocado entre a natureza e os homes. Obxectividade do mundo creado polos homes. Mundo de obxectos.
- **Homo faber**: Home que fabrica obxectos. **Racionalidade medios-fins**: o fin xustifica os medios empregados para producir o obxecto. A cousa producida é o produto final do proceso de produción. A produción só é un medio para producir un obxecto. Ten un comezo definido e un fin definido, “predictible”. **Utilidade** e conveniencia.
- **Instrumentalización**: **Racionalidade instrumental**: “Instrumentalización do mundo e da terra”, “degradación de todas as cousas en medios”.
- **Reificación**: Fabricación. Elemento de **violencia** no home que fabrica: “Destructor da natureza”. Amo e **dominio** da natureza + dono do produto (libre para crealo e libre para destruílo).
- **Mercado de cambio**: Esfera pública (non política) propia do homo faber. Relaciónase con outros homes mediante o intercambio de produtos.

ACCIÓN (ACTION):

1. Pluralidade:

- Feito de que os homes viven no mundo. Condición básica da política.
- **Igualdade**: se os homes non fosen iguais non poderían entenderse nin planificar para o futuro as necesidades das xeracións vindeiras. Igualdade compatible coa singularidade, diferenza e a pluralidade. "Igualdade de desiguais" vs. uniformidade.
- **Distinción**: Se os homes non fosen distintos non precisarían da acción e do discurso para entenderse. "Vivir como ser distinto e único entre iguais".
- *Presenza dos demais, dos outros humanos*.
- Política: "A trama dos actos e palabras dos outros homes".
- O actor político é, ao mesmo tempo, *axente* (facer, fai a acción) e *paciente* (sufrir, sofre a acción).
- **Unicidade**: A pluralidade humana é a diversidade de seres únicos.
- Esta unicidade revélase a través da *acción* e do *discurso*: "Modos nos que os seres humanos preséntanse uns aos outros *qua* homes".

2. Natalidade:

- Nacemento: Inserción no mundo humano por medio do noso nacemento.
- **Unicidade**: "Con cada nacemento algo singularmente novo entra no mundo".
- *Comezo*, *comenzar* (*archein*). Poner algo en acción (*agere*). Posibilidade de que se inicie algo novo e inesperado. O home como ser capaz de acción: "Cabe esperar del o inesperado".
- Iniciativa: Resposta propia ante o mundo humano no que nos adentramos. "Os recién chegados" son **initium**: toman a iniciativa, apréstanse á acción.

3. Liberdade:

- Ao vir ao mundo, o home convértese nun novo comezo: capacidade de abrir novos horizontes de posibilidade por medio da acción.
- **Espontaneidade**: Empezar algo novo o recién chegado, algo imprevisible e impredecible.
- **Impredictibilidade**: Imposibilidade de predecir, xorde da liberdade humana e da pluralidade, da existencia dunha comunidade de iguais nas que todos teñen a capacidade para actuar.

4. Praxis + Lexis:

- Política: acción e discusión. **Actuar e falar**.
- Os seres humanos como seres que actúan e falan. Inserción dos homes no mundo humano mediante a palabra e o acto.
- Vida da **acción** e do **discurso**. Vida humana: unha vida sen acción e sen discurso non a viven os homes.
- **Identidade**: Revelación da identidade do axente na acción e no discurso. "O descubrimento de *quen* é alguén está implícito en todo o que ese alguén dí e fai".
- Carácter efímero e fugaz da acción e o discurso (**fugacidade**): require da Historia e a **memoria** para permanecer e conservarse.
- A linguaxe caracteriza de xeito eminentemente político a acción: convicción (convencer) e persuasión (persuadir).
- Confrontación de distintos puntos de vista, pluralidade de **opinións**. Capacidade de ver un asunto desde distintos puntos de vista, pensar dende a posición de calquera outro.

5. Esfera pública:

- O espazo político (*public space*). Toma existencia cando os homes se agrupan polo discurso e a acción.
- Fai posible o "estar xuntos", a política.
- Espazo da **apariencia** e da **visibilidade**: onde os seres humanos poden *aparecer* os uns ante os outros e *recoñecerse*.
- Publicidade (*Öffentlichkeit*): Apertura á visibilidade (ver e ser vistos). O outro como garantía da miña realidade obxectiva. Xénese relacional do individuo: Identidade en relación ao outro.
- **Inter-est**: *Espazo entre*: Ámbito dos asuntos humanos. "O que está en medio de", "o que está entre, o que media entre [os seres humanos]". Interese, intereses humanos (espazo **inter esse**). O que se encontra entre as persoas e pode relacionalas

- **"in-between"**: une e separa. Pon en relación aos homes, pero ao mesmo tempo os separa. Aparecer ante os demais, pero mantendo ao mesmo tempo a distancia física que non anule a individualidade-pluralidade.
- Carácter potencial: Non existe necesariamente nin para sempre.

6. **Poder**:

- "É o que mantén a existencia da esfera pública". "Preserva a esfera pública e o espazo de aparición".
- Unión, cohesión: "Potencialidade de estar xuntos". "Xorde entre os homes cando actúan xuntos e desaparece no intre en que se dispersan." "Factor material" necesario para a xeración de poder: Vivir unido o pobo. Desunión e illamento: Perda de poder.
- Carácter relacional e comunicativo: "A acción recíproca da pluralidade". "Esencial condición humana da pluralidade, actuar e falar xuntos".
- Poder (*Power, Macht*) vs. O apolítico: obediencia, dominio, goberno (*Rule*): Relación asimétrica entre gobernante (quen manda) e gobernado (quen obedece).
- Poder vs. O apolítico: coerción, forza (*Strenght*) e violencia (*Violence, Gewalt*): Destrución da pluralidade. A violencia pode destruír o poder.

7. **Perdón**:

- Ausencia de control sobre os procesos iniciados por medio da acción. **Irreversibilidade**
- Permanencia dos resultados dos procesos de acción.
- Capacidade de **perdoar** (*The Power to Forgive*): Remedio contra a irreversibilidade da acción.
- Pasado: Desfacer os actos pretéritos, liberarnos das consecuencias dos actos feitos.

8. **Promesa**:

- "Falta de predicción" da acción. "Resultado incerto", "pronóstico imposible". **Imprevisibilidade-impredictibilidade**.
- Inseguridade, atributo principal dos asuntos humanos
- Capacidade de **manter as promesas**. (*The Power of Promise*): Remedio contra a imprevisibilidade da acción.
- Futuro: Seguridade respecto das **accións futuras**.
- A forza da mutua promesa é a que mantén unida a comunidade.
- **Soberanía** dun grupo de homes que se mantén unido (non por unha identidade común), senón por un acordo no que as promesas son vinculantes.
- Perdón-Promesa: Dependen da pluralidade, da presenza dos demais, non existen en soedade ou illamento.